



Concello de Cangas

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En vista do escrito remitido aos Concellos pola FEGAMP, o 8 de maio de 2020, no que se transmiten as aclaracións da Xunta de Galicia sobre os núcleos de poboación exentos da limitación nas saídas por franxas horarias. Dado que no mesmo escrito a Xunta de Galicia delega nas alcaldías a decisión de *“manter as restricións nalgunhas parroquias de menos de 5000 habitantes que non garden unha mínima separación cos cascos urbanos, ao ter sido absorbidos na práctica pola expansión urbanística”*... E como tamén delega nas mesmas Alcaldías *“a exención ou non das franxas horarias naqueles núcleos que, aínda pertencendo a parroquias de máis de 5000 habitantes, estivesen o suficientemente separados do resto da poboación”*.

RESOLVO:

A eliminación das franxas horarias, a partir do luns día 11 de maio, para saídas dos distintos sectores da poboación nas Parroquias de Aldán e O Hío e tamén naqueles núcleos rurais das demais Parroquias que non sexan os que a continuación se nomean e forman parte da zona urbana de Cangas:

- **Parroquia de Cangas na súa totalidade.**
- **Avenida de Bueu cara a Aldán ata a urbanización Mar de Pedra, incluída.**
- **Avenida de Vigo, na súa totalidade, polas dúas marxes.**
- **Rúa Ensinanza, Avenida da Coruña e transversais, ata a confluencia das mesmas en Ximeu.**
- **Avenida de Lugo nas dúas marxes, ata o camiño de Reboredo por unha marxe e a estrada do campo de fútbol, pola outra.**
- **Avda de Ourense e Avda de Castroviejo polas dúas marxes ata a rotonda de enlace coa autovía.**
- **Lugares de Reboredo, Longán, O Forte, Rodeira, Espírito Santo e rúas de enlace entre eles.**

En todos os demais lugares, as saídas non estarán suxeitas a horarios por idades, pero deberán cumprir as demais obrigas que seguen en vigor: distancia máxima do domicilio de un quilómetro á redonda, separación de 2 metros entre as persoas, non aglomeracións, medidas de hixiene e prevención, etc.

IMPORTANTE: A non limitación horaria so terá efecto nas zonas autorizadas, é dicir, non rexerá nas non autorizadas nomeadas nesta resolución, aínda que se proveña doutro lugar sen límite horario situado dentro do quilómetro de acción.

Cangas, 11 de maio de 2020.

O Alcalde:

Xosé Manuel Pazos Varela.